



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA, A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O
CONCELLO DE PONTEDEUME PARA A REHABILITACIÓN E AMPLIACIÓN DO
MERCADO MUNICIPAL DE PONTEDEUME**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Sol M^a Vázquez Abeal, directora xeral de Comercio, **DECLARA:**

A Consellería de Economía, Emprego e Industria ten previsto formalizar coa Deputación Provincial da Coruña e o concello de Pontedeume o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 1 de xaneiro de 2016 ata o 30 de decembro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto a realización e financiamento da “Rehabilitación e ampliación do mercado municipal de Pontedeume”.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

A adecuación e mellora dos equipamentos comerciais municipais constitúen un elemento clave para o desenvolvemento do comercio, e así se considera no programa de obxectivos da Dirección Xeral de Comercio, que no seu conxunto, pretende contribuír a construír un sector comercial galego máis competitivo e dinámico. Para estes efectos, as actuacións desenvolvidas polos concellos no ámbito comercial resultan imprescindibles e así o considera a consellería, que persegue, entre outras finalidades, fomentar a cooperación e coordinación entre os diferentes axentes, tanto públicos como privados, implicados no sector comercial de venda polo miúdo; e moi especialmente os mercados municipais que teñen unha singular significación por constituír espazos de centralidade comercial con capacidade de xerar actividades complementarias ao seu redor, ao tempo que constitúen unha canle de comercialización moi eficaz de produto fresco derivado do mar, a horta e a gandería.

É preciso, polo tanto, acondicionar estes espazos ás necesidades actuais, tanto dos comerciantes como dos consumidores para potenciar o desenvolvemento desta fórmula de distribución comercial, e que se enmarca nos obxectivos, no eido competencial da consellería. Con tal finalidade, a consellería apoia e incentiva os proxectos que xeren e fomenten a eficiencia e a modernidade do comercio galego, neste caso, por medio da iniciativa promovida polo Concello de Pontedeume para a rehabilitación e ampliación do mercado municipal.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela, a sete de novembro de dous mil dezaseis.

